Datos de configuración dun cliente de correo

Datos de configuración dun cliente de correo

Unha conta de correo está fomada por un identificador (tamén chamado login e normalmente relacionado co nome do solicitante), o símbolo "@" e un dominio (ou sexa, a parte de Internet á que pertence a conta). No noso caso, a meirande parte das contas son do tipo *login@uvigo.es* (login@uvigo.gal). Además, para poder leer o correo é necesaria un contrasinal que só o usuario da conta de correo debe saber. Polo tanto, antes de comeza-lo proceso de configuración da súa nova conta de correo, terá que te-los datos que lle corresponden á mesma, estes datos son: login, contrasinal, servidor de correo entrante, protocolo do servidor do correo entrante e servidor do correo sainte.

Os datos de configuración da conta son:

- Servidor de correo entrante: imap.uvigo.gal
  - Servidor de correo saínte (SMTP): smtp.uvigo.gal
- Nome de usuario
  - **Compre indicar o usuario completo, dominio incluído:**
    - **usuario@uvigo.es / usuario@uvigo.gal (PAS, PDI, alumnos doutoramento)**
    - **usuario@alumnos.uvigo.es / usuario@alumnos.uvigo.gal**
- O servidor de correo de saída (SMTP) require autentificación
- Números de porto do servidor
  - Servidor de correo de entrada (IMAP): 993
    - Empregar conexión cifrada (SSL)
  - Servidor de correo de saída (SMTP): 587
    - Empregar conexión cifrada (TLS)

Aínda que estes son os datos de conexión recomendados, por contabilidade con clientes cos que se teñan problemas de conexión sopórtanse os seguintes protocolos:

Servizo	Protocolo	Porto TCP	Servidor	Observacións
Lectura de correo (correo entrante)	**IMAP**	**993**	imap.uvigo.gal	**Protocolo recomendado . Cifrado con SSL**
	IMAP	143	imap.uvigo.gal	*Esixe* cifrado con TLS
	POP3	995	pop.uvigo.gal	Cifrado con SSL.
	POP3	110	pop.uvigo.gal	*Esixe* cifrado con TLS
Envío de correo (correo saínte)	**SMTP**	**587**	smtp.uvigo.gal	**Porto recomendado (submission) .** ***Esixe* cifrado con TLS**
	SMTP	25	smtp.uvigo.gal	*Esixe* cifrado con TLS
	SMTP	465	smtp.uvigo.gal	Cifrado con SSL

En todo caso requírese a autentificación do usaurio para o envío de correo (SMTP).

No tocante á lectura de correo hai dúas opcións:

- IMAP:
  - Os correos quedan almacenados no servidor salvo que o usuario os mova a "Carpetas locais" no seu equipo.
    Se o correo dun buzón vai a ser leído dende varios ordenadores esta é a opción que recomendamos.
  - Avantaxes
    - Manexa carpetas no servidor de correo.
    - Das carpetas no servidor faise copia de seguridade.
    - O usuario pode acceder ós correos acumulados no servidor dende calqueira ordenador ou dende o acceso web ó correo.
  - Desavantaxes
    - As mensaxes acumuladas espacio no servidor e, por tanto, ser necesario que o usuario comprobe se o seu buzón está cerca do límite de espazo asignado.
    - Se as mensaxes se acumulan no buzón de entrada a lectura do correo pode ser máis lenta.
- POP3:
  - *Os correos descárganse ó ordenador do usuario.*
    ⚠ Como consecuencia de esto, se se emprega POP3 dende varios postos de usuario para ler a mesma conta, os correos se descargarán a un dos postos, e cando o correo se consulte dende os outros o que se verá é que as mensaxes desapareceron da bandexa de entrada.

Os clientes de correo permiten ás veces deixar o correo no servidor cando se emprega POP3, pero se se quere facer isto recomendamos que se empregue IMAP, dado que moitas veces cando a cantidade de correos acumulados é grande os clientes de correo tenden a ter problemas de funcionamento.

- Avantaxes
  - Como os correos son descargados ó equipo do usuario é máis rápido na lectura e non se teñen tantos problemas coa xestión do espazo no buzón de correo.
- Desavantaxes
  - Non manexa carpetas.
  - *Se a conta vai ser empregada por varias persoas ou por unha soa persoa dende varios ordenadores distintos non é unha opción recomendable, dado que descargará os correos acumulados a un único equipo.*